

VALORACIÓN DOS CADERNOS DE TRABAJO

No inicio da experiencia foille entregado a cada alumno e a cada alumna unha carpeta de follas extraíbles, con follas en branco e follas cuadrículadas (para facilitar as representacións gráficas), a fin de que nel recolleran:

Todas as realizacións (comentarios e respostas as actividades dos applet, comentarios e respostas as actividades propostas (cuestións e problemas) na web e nas follas de traballo.

Todas as anotacións que consideraran oportunas cando se encontraran nos distintos contextos:

- a) na aula normal, visualizando animacións ou presentación power point que desenvolvían problemas tipo ou ampliaban cuestións teóricas.
- b) Na aula normal, debatendo e poñendo en común cuestións teóricas clave ou comentando cuestión de tipo organizativo.
- c) Na súa casa, nos momentos dedicados ao estudo.

O caderno de traballo constituíuse no elemento material con maior presenza ao longo destes dous meses de experimentación acompañando a cada alumno e alumna. Indicóuselles a necesidade de coidar na súa elaboración tanto a expresión escrita (caligrafía, ortografía, vocabulario específico,.etc), como a orde e a presentación. Indicóuselles tamén que sería un elemento máis a considerar na avaliación.

Unha vez realizadas as probas de avaliación (1ª e 2ª) pedíuselles para a súa revisión, as conclusións obtidas refírense a continuación:

- a) A maior parte do alumnado organizou o Caderno en torno as follas de traballo e o resto fíxoo a modo de diario.
- b) Con poucas excepcións con boa presentación e ordenadas.
- c) A totalidade do alumnado, presenta como contido fundamental a realización das actividades propostas na web da Unidade, nas follas de traballo e no libro de texto. O 25% do alumnado non chegou a completar todo o que estaba previsto realizar.
- d) Sen embargo salvo excepcións, non se recollen anotación, respostas ou comentarios as actividades dos applet newton, ou a outras escenas incorporadas nas follas de traballo.
- e) Tras a revisión constátase que, só uns poucos recollen apuntamentos derivados das reunións celebradas en gran grupo.

Como conclusión considero que a decisión de incorporar os cadernos de traballo resultou acertada, pero para posteriores ocasións sería necesario facer unha revisión, en relación coas función que debe desempeñar, a fin de que encaixe mellor no proceso.